

PROXECTO DE INCLUSIÓN SOCIAL CON PERSOAS DE ETNIA XITANA

Dende o Centro de Servizos Sociais do *Concello de Vilagarcía de Arousa* mantemos un compromiso coa comunidade de maneira activa, contando cun catálogo de servizos de intervención técnica- profesional de tipo multidisciplinar.

Deste modo, e en cumprimento das nosas obrigas profesionais no ámbito da intervención comunitaria e social, a nosa labor neste proxecto emerxe da necesidade de capacitar por si mesmas ás persoas, cun desenvolvemento integral e transversal das súas potencialidades, fomentando a igualdade de oportunidades e servindo de apoio para a súa protección e promoción como persoa/unidade familiar.

Atendendo aos principios de intervención social e comunitaria, e co fin de detectar e previr posibles situacións de risco de exclusión social, xorde a necesidade de elaborar un programa específico centrado na inclusión social de colectivos en situación de risco como acontece coa poboación de etnia xitana do concello.

No marco destas medidas, convocase dende a Consellería de Política Social para o ano 2018 as axudas e subvencións a entidades locais para o *“investimento en centros de inclusión social e emerxencia social de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social”*, cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Con dita estratexia buscamos dar unha resposta axeitada ás situacións de exclusión social co fin de camiñar cara unha sociedade galega máis inclusiva, a partir de políticas e medidas sociais máis activas e integrais, as cales incidirán nos seguintes campos de intervención:

- Inclusión Básica
- Reforzo Socioeducativo
- Vivenda
- Mediación intercultural

Este proxecto, polo tanto, parte da vontade de reforzar as políticas de inclusión social da poboación xitana do noso concello, mellorando as súas condicións de vida, garantindo os seus dereitos e traballando por unha sociedade máis igualitaria na que se respecte a diversidade e se fomente a interculturalidade.

A realización das accións veranse enriquecidas mediante un liderado compartido, no que se recoñeza a cultura propia do colectivo e se traballe na minimización dos prexuízos e os estereotipos instaurados que tanto danan á convivencia e ao benestar social, a prol da xeración de espazos de convivencia compartida.

Vilagarcía de Arousa, xaneiro de 2019.